



D.^a VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 26 de novembro de 2020, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE DEREITO DE SUPERFICIE

EXPEDIENTE: 2020/G003/001096

Á vista do actuado no expediente de constitución, a título oneroso, dun dereito de superficie sobre as parcelas rexistras que se describen a continuación:

1.- Finca 35658. Referencia Catastral 000101400NH43E0001DX.

URBANA: Casa reitoral, ubicada no lugar de A Igrexa, parroquia de Santa María de Bamonde, municipio de Teo, cunha superficie de solo de douscentos quince metros cadrados, unha superficie total construída de catrocentos trinta metros cadrados, que se divide en dúas plantas cunha superficie de douscentos quince metros cadrados por planta. Límites: Norte, Sur, Este e Oeste, máis da propiedade do Arcebispado de Santiago de Compostela (168).

Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: 1^a Tomo: 923, Libro: 356, Folio: 139.

2.- Finca 7481. Referencia Catastral 15083B505001680000SM.

Labradío ao sitio de "Igresario". Finca nº 168 da concentración parcelaria de Santa María de Bamonde, cunha superficie de 1300 m². Neste finca existe unha construción, tal e como se reflicte no plano da zona. Límites: Norte, Sur e Este, camiño; Oeste, José Aldariz Iglesias (167).



Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: 1ª Tomo: 385, Libro: 85, Folio: 107.

Considerando que o dereito de superficie se pretende constituír sobre a casa reitoral descrita (1) e a finca sobre a que se asenta a mesma (2), abarcando polo tanto un total de 430 m², polo que se refire á primeira, e 1300 m², tratándose da segunda.

Tendo en conta a Memoria incorporada ao expediente, do 1 de setembro de 2020, xustificativa da necesidade e conveniencia da adquisición, do fin ao que se pretenden destinar os terreos sobre os que se pretende constituír o dereito de superficie, e do procedemento de adxudicación que se propón seguir.

Visto o Prego de condicións que rexerá a adquisición directa, a título oneroso, dun dereito de superficie polo Concello de Teo, do 13 de novembro de 2020, incorporado ao expediente.

Vistos o informe da Tesouraría municipal, do 25 de agosto de 2020, os informes do arquitecto municipal, do 27 de agosto e 21 de outubro de 2020, os informes de Secretaría, do 8 de setembro e 13 de novembro de 2020, e os informes de intervención, do 23 de novembro de 2020, incorporados ao expediente.

Visto o Convenio marco de colaboración entre o Arcebispado de Santiago de Compostela e o Concello de Teo, aprobado polo Pleno da Corporación o 12 de decembro de 2018 (en adiante, Convenio).

Considerando que, sen prexuízo do informado polo arquitecto municipal, con data de 27 de agosto de 2020, concretando o valor do dereito de superficie nun pago anual de 2.797,32 €, o prezo de adquisición do dereito, de acordo co exposto na cláusula primeira do Convenio, no informe da Tesouraría municipal do 25 de agosto de 2020 e no propio prego de condicións, ascende a 2.305,72 €/ano.

Considerando que, segundo o previsto na cláusula 2 do Prego de condicións o *“orçamento máximo de licitación é de dous mil trescentos cinco euros con setenta e*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



dous céntimos anuais (2.305,72 €/ano), segundo o recollido na cláusula primeira do Convenio e no informe da Tesourería municipal, do 25 de agosto de 2020, incorporado ao expediente, relativo aos “recibos da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana. Suxeito pasivo: Arcebispado de Santiago”, quedando fixado o prezo nesa cantidade. En todo caso debe terse en conta que, se o Arcebispado adquire novos inmobles suxeitos a tal taxa ou deixa de ser propietario dalgúns dos que é propietario ao día da data, ou se modifica, á alza ou á baixa, o importe da taxa, o prezo deberá revisarse, á alza ou á baixa, nas anualidades posteriores á que teña lugar calquera das circunstancias citadas”.

Sendo que, segundo o informe de intervención, do 13 de novembro de 2020, no vixente orzamento municipal para 2019, prorrogado a 2020, existe crédito axeitado e suficiente,

a nivel de vinculación xurídica, ao que imputar o gasto derivado do expediente na aplicación orzamentaria 151/200.00, por importe de 2.305,72 € para a anualidade 2020.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á constitución, a título oneroso, dun dereito de superficie sobre as parcelas descritas.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións, do 13 de novembro de 2020, que rexerán a adquisición directa, a título oneroso, dun dereito de superficie polo Concello de Teo, sobre as parcelas rexistras que se describen no presente, que son a casa reitoral descrita (finca 35658), de 430 m² (1), e a finca sobre a que se asenta a mesma (finca 7481), de 1300 m² (2), polo prezo anual de 2.305,72 €, durante trinta e cinco anos



Segundo.- Aprobar a valoración do dereito de superficie, segundo a cláusula primeira do Convenio e o informe da Tesourería municipal, do 25 de agosto de 2020, polo importe citado de 2.305,72 € anuais, sen prexuízo do establecido na cláusula 2 do prego de condicións en relación á revisión do prezo.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación, tendo en conta que o gasto correspondente, que ascende a 2.305,72 €/ano, segundo a valoración recollida no punto anterior, queda suxeito á condición suspensiva de existencia de crédito, axeitado e suficiente, en cada exercicio económico.

Cuarto.- Invitar ao propietario para ver se está interesado na constitución a título oneroso dun dereito de superficie e se acepta as condicións polas que se formalizará a adquisición do citado dereito.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data que figura na marxe.

Vº e Praxe
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz